

RESUMO das AXUDAS POLO NACEMENTO E/OU ADOPCIÓN DO TERCEIRO E SEGUINTE FILLOS:

- No caso do **terceiro fillo** biolóxico ou adoptado: 1.000,00 euros.
- Por cada fillo **posterior ó terceiro**: 1.500,00 euros.
- No caso de **parto múltiple** a contía da subvención incrementarase nun 25%.”

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS POR MATERNIDADE DO TERCEIRO FILLO E SEGUINTE APLICABLES Ó EXERCICIO 2005.-

Base 1ª.- Obxecto e finalidade destas axudas.-

A finalidade destas bases é o desenvolvemento do apartado 4º da Base 21 de execución do Presuposto Municipal.

O obxecto é establecer as bases específicas reguladoras da concesión de axudas por maternidade ou pola adopción do terceiro fillo e seguintes e que se vaian a conceder e imputar ó exercicio de 2005.

Base 2ª.- Crédito presupostario e contía máxima subvencións.-

O crédito presupostario ó que se imputarán as subvencións por maternidade reguladas nestas bases será o establecido na partida 2005.0.313.0. 48901 e como máximo terá un contía de 8.000,00 euros. Adóptase o compromiso de que a consignación a incluír no Presuposto de 2005 sexa como mínimo desta contía.

No caso de que a contía incluída no Presuposto Xeral do 2005 sexa superior á contía anteriormente dita poderase conceder novas axudas ata o límite de dita consignación.

Base 3ª.- Beneficiarios.-

Poderán ser beneficiarios destas axudas as familias que, como consecuencia do nacemento ou adopción do 3º fillo ou seguintes, xustifiquen o cumprimento dos requisitos establecidos na base 5ª.

No caso de pais separados ou divorciados, será beneficiario desta axuda, aquel que acredite que baixo a súa unidade familiar conviven polo menos 3 fillos, sexan biolóxicos ou adoptados, sendo un deles o que dou lugar á solicitude da presente axuda.

Base 4ª.- Contía das axudas.-

- A. A contía da axuda económica será de 1.000,00 euros no caso do terceiro fillo, sexa por nacemento biolóxico ou por adopción.
- B. Por cada fillo posterior ó terceiro percibirase unha contía de 1.500,00 euros.
- C. No caso de parto múltiple a contía da subvención incrementarase nun 25%.

Base 5ª.- Requisitos.-

- a) Acredita-lo nacemento ou adopción do 3º fillo ou seguintes.
- b) Acredita-la residencia no Concello de Boiro de alomenos unha antigüidade de 1 ano con anterioridade a data do nacemento ou adopción do fillo.
- c) Estar ó corrente nas obrigas fiscais co Concello e declaración de estar ó corrente con Facenda e Seguridade Social.
- d) Que a renda dispoñible da unidade familiar, tendo en conta o número de membros desta, non exceda dos límites que figuran na columna dereita do seguinte cadro:

Número membros unidade familiar	Importe máximo de renda dispoñible (euros)
Matrimonio + 3 fillos	35.000,00
Matrimonio + 4 fillos	39.000,00
Matrimonio + 5 fillos	42.000,00
Matrimonio + 6 fillos	44.000,00
Matrimonio + 7 fillos	45.000,00
Matrimonio + 8 ou máis fillos	47.000,00

Ós efectos de aplicación do cadro anterior, considerase renda dispoñible a suma das bases impoñibles dos membros da unidade familiar que obteñan rendas suxeitas ó imposto sobre a renda das persoas físicas.

A renda determinarase segundo o previsto no artigo 15.3 do Texto Refundido da Lei do Imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2004, de 5 de marzo.

Base 6ª.- Solicitudes e documentación.-

1.- As solicitudes formularanse mediante instancia dirixida ó Alcalde-Presidente e será subcrita polo representante da unidade familiar.

2.-Cada solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do/s solicitante/s
- Fotocopia do/s libro/s de familia ou certificación do Rexistro Municipal de Parellas de Feito.

- Certificación da residencia no Concello de Boiro de alomenos unha antigüidade de 1 ano con anterioridade a data do nacemento ou adopción do fillo.
- Certificación bancaria do número de conta de que sexa titular o solicitante.
- Declaración xurada de estar ó corrente coas obrigas tributarias do Concello así como con Facenda e coa Seguridade Social.
- Copia compulsada da última declaración presentada do imposto sobre a renda das persoas físicas presentada polo titular da familia numerosa e, no seu caso, por cada un dos membros da unidade familiar que obteña rendas suxeitas ó referido imposto. No caso de non estar obrigados a presentar declaración da Renda, aportarán certificado de Facenda no que conste que non se ten presentado esta, e nóminas, certificados de retencións ou calquera outro documento que sirva para a determinación da renda dispoñible.

Base 7ª.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.-

1.- A solicitude e maila documentación requirida e estipulada na Base 6ª da convocatoria, presentárase no Rexistro do Concello e irá dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente.

2.- O prazo de presentación de solicitudes será de catro meses dende a data do nacemento/adopción do fillo que de dereito á ser beneficiario desta axuda.

Base 8ª.- Tramitación.-

1.- A unidade técnica correspondente comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos esixidos nas presentes bases, requirindo ó interesado/a por escrito para a enmenda dos defectos que houbera, con indicación de que, se así non o fixera no prazo de 10 días, terase por desistido no seu pedimento, logo da correspondente resolución, que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2.- Revisada a documentación e completada no seu caso, someterase a resolución do órgano competente .

Base 9ª.- Interpretación das bases.-

Facúltase á Xunta de Goberno Local para a interpretación de calquera dúbida que surxa na aplicación das presentes bases.

DISPOSICIÓN FINAL.-

As presentes bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 15/02/05, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

MODELO DE INSTANCIA PARA AXUDAS POLO NACEMENTO 3º FILLO E SS.

Don/a _____, con DNI nº _____, e enderezo en _____, parroquia de _____, municipio de BOIRO, teléfono _____.

EXPÓN:

Primeiro.- Que o día _____ tivo lugar o **nacemento biolóxico ou adopción** *(tacha-la opción incorrecta)* do _____ *(indicar con número si se trata do 3º, 4º, etc... fillo)*

Segundo.- Que considero que reuno tódolos requisitos esixidos para ser beneficiario da axuda polo nacemento 3º fillo e seguintes segundo as Bases Específicas aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data _____ e establecidas na Base 21.A.5) de Execución do Presuposto, para o cal presento a seguinte documentación: *(sinalar cun X as opcións)*

<input type="checkbox"/>	Fotocopia do/s libro/s de familia ou Certificado do Rexistro Municipal de Parellas Feito
<input type="checkbox"/>	Certificado da residencia no Concello de Boiro (alomenos cunha antigüidade de 1 ano con anterioridade á data do nacemento ou adopción do fillo)
<input type="checkbox"/>	Certificación bancaria do número de conta da que sexa titular o solicitante/s

Para xustifica-la renda dispoñible da unidade familiar, acompaño: *(marca-la opción correcta):*

<input type="checkbox"/>	Copia compulsada das últimas declaracións do IRPF de toda a unidade familiar.
<input type="checkbox"/>	Certificación de Facenda de non estar obrigado a presenta-la declaración da renda.
<input type="checkbox"/>	Nóminas, certificados de retencións ou calquera outro documento que serva para determina-la renda dispoñible.

Terceiro.- Declaro neste acto que non teño débedas tributarias co concello de Boiro, coa Facenda nen coa Seguridade Social, autorizando a compensación no caso de que se detecte calquera débeda.

Por todo o exposto,

SOLICITO:

Se me conceda a subvención que establecen as Bases de Execución do presuposto polo nacemento do _____ fillo.

Boiro, _____ de _____ de 200_____

Asdo.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO

